

En Carballedo, a 12 de maio de 2016.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1530

A FONSGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CON CARACTER TEMPORAL (CONTRATO DE INTERINIDADE) DUN TÉCNICO MEDIOAMBIENTAL

Por Decreto de Alcaldía de data 24 de maio de 2016 aprobáronse as bases para a contratación temporal dun técnico medioambiental.

Tipo de contrato: Contrato de interinidade.

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. Se o último día coincidise en inhábil ou en sábado o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das instancias.

Taxas por dereitos de exame: 15 € a ingresar na conta do Concello nº ES12 2080 0118 4331 1000 0028 (achegar coa solicitude o xustificante de pagamento).

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.fonsagrada.org).

A Fonsagrada, 24 de maio de 2016.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 1532

GUNTÍN

Anuncio

Conta xeral orzamentaria correspondente ao exercicio de 2.015.

Rendida a conta xeral para o exercicio de 2.015 e dictaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 18 de maio de 2.016, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican expone ao público na Secretaría-Intervención municipal, por un prazo de 15 días hábiles que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito días máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Guntin, 19 de maio de 2016.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 1534

RIBADEO

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS A UN POSTO FUNCIONARIO INTERINO PARA DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA TEMPORAL DE MEDIO AMBIENTE.

De conformidade co disposto nas Bases para provisión dun posto de traballo de funcionario Técnico de Administración Xeral de carácter interino deste Concello para o desenvolvemento dun programa temporal de Medio Ambiente, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes,

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación de Réxime Local,

RESOLVE:

1º.Prestar aprobación á **lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos** que de seguido se relacionan: